



In memóriam

## Acción de grazas lida no funeral de Alfonso Zulueta de Haz

---

Quico Domínguez

Hoxe sentimos nos nosos corazóns a tristura do pasamento de Alfonso. Sentimos a súa ausencia física. Xa non poderemos falar con el ou acudir a pedir o seu consello de bo amigo, esposo, familiar... ou a argallar un novo proxecto. Pero a nosa tristura vese compensada pola satisfacción da obra que deixa neste mundo, sempre no camiño facendo o ben. As súas mans están cheas de boas cousas para presentar diante do noso Pai-Nai que o acolle amoroso. Podería dicirse que Alfonso foi nesta vida un deses agasallos que parecen enviados por Deus para mostrarnos un modelo a seguir.

Quen á súa notaría acudiu, nela recibiu del un trato familiar e entrañable, cheo de amabilidade e de boa acollida. Moitas foron as persoas que saíron dela satisfeitas e encantadas da súa proximidade humana e respectuosa.

Estamos nun lugar moi querido para el. A esta igrexa dos Apóstolos acudía frecuentemente con Teresa a participar na Eucaristía en galego. Nós hoxe tamén estamos de celebración sentindo que está connosco como en moitas outras ocasións. Celebramos as súas crenzas cristiás cimentadas no evanxeo, cunha visión moi do Vaticano II e dos novos ventos que alentan na Igrexa nos tempos de hoxe co noso Papa Francisco.

Damos grazas a Deus porque Alfonso entendeu a súa vida ao servizo da construción do Reino de Deus neste mundo, traballando por facelo mellor, máis xusto, igualitario e compasivo, sen abandonar nunca a defensa e o progreso da nosa identidade galega. Participou na actividade política defendendo a democracia nos anos escuros da ditadura e logo máis tarde na época da transición, como fundador e candidato en partidos galegos. Sempre defendeu a importancia de traballar por unha Galicia máis dona de si.

Damos Grazas a Deus porque a súa entrega a Galicia fixo xurdir nel a necesidade de traballar pola inculturación da nosa Igrexa e traballou arreo por facer unha Igrexa Galega máis galega. Sendo Presidente da Editorial SEPT promoveu a tradución ao galego da Biblia feita por un grupo de especialistas desde as linguas orixinais. Desta maneira prestou un gran servizo á encarnación da nosa fe cristiá na realidade do noso pobo galego. No ano 1989 viu a luz a primeira edición, que logo serviu de base para os leccionarios das misas en galego.

Tamén agradecemos o seu labor pola cultura de noso na Editorial Galaxia, na Fundación Penzol, na Fundación Otero Pedrayo, etc. e tamén como Presidente do Consello da Cultura Galega. Alfonso entendía plenamente que a esencia dun pobo está na súa cultura e na súa lingua. As relacións entre ética e cultura foron para el una importante preocupación, tal como sinalou no seu precioso discurso de ingreso no Instituto de Estudos Vigueses.

Facendo todo isto aínda tirou tempo para acompañar á súa esposa Teresa, no ano 1968, na creación da Asociación Juan XXIII para atender a persoas discapacitadas psíquicas e máis tarde, no ano 1990, creando a Fundación Tutelar Sálvora para atender a estas persoas cando perden o amparo dos pais ou familiares que os coidan porque se fan maiores ou morren. Na atención aos máis necesitados e marxinados maniféstase a profundidade evanxélica da súa fe cristiá onde os pobres son a opción preferente.

Canto podemos aprender da vida de Alfonso! Moitas outras cousas máis se poderían contar pero co dito chega abondo para mostrarnos a grandeza da súa vida. Seguro que nalgunha desas moradas que ten a casa do Pai, das que el falaba moitas veces, se encontrará con outros amigos seus: Xaime Isla, O Padre Seixas, Domingo Fernández del Riego... cos que compartiu fe e compromiso, quen tamén foron exemplo de bondade e entrega a Galicia. Alfonso, amigo, grazas por ter compartido connosco os camiños da vida e que Deus premie o teu labor.

**Quico Domínguez**  
Presidente de SEPT  
Director da Fundación Penzol